



CAMPÁS E CAMPANEIROS

21 DE SETEMBRO DE 2013

SINAIS DE CAMPÁS NA FREGUESÍA DE SANTA MARÍA DE OIA, OIA, PONTEVEDRA, POR JESUSA CRESPO DOMINGUEZ (CAMPANEIRA) E RORY VICENTE DORADO CARMODY (EXSACRISTÁN E CAMPANEIRO)

TIPOS DE SINAIS	CAMPÁS EMPREGADAS	UBICACIÓN DO CAMPANEIRO	MOMENTO NO QUE SE PRODUCE E DESCRICIÓN DOS TOQUES
Chamada á misa	Grande e pequena.	abaixo	<p>Todos os días da semana para chamar á misa faise:</p> <ul style="list-style-type: none">🔔 O toque "A Oración" ou "3 Ave Marías", dáse ½ hora antes da misa. Comezando pola campá grande dánse 25 badaladas e despois coa pequena outras tantas. Remátase na campá pequena dando 3 badaladas. <p>Os Domingos:</p> <ul style="list-style-type: none">🔔 O primeiro toque "A Oración", dáse ½ hora antes🔔 O segundo toque dáse un cuarto de hora antes da misa, dánse badaladas seguidas na campá grande e remátase con 2 badaladas🔔 O terceiro toque dáse 5 minutos antes da misa ou cando chega o cura á igrexa, tócase a campá grande dando sobre 20 badaladas seguidas e remátase con 3 badaladas.
Difunto	Grande e pequena.	abaixo	<p>O toque "A Defunto" diferéncianse dependendo do barrio de onde sexa o defunto.</p> <ul style="list-style-type: none">🔔 O Arrabal: dáse 1 badalada na campá grande e 2 badaladas na campá pequena, logo 1 na grande 1 na pequena e así sobre 20 minutos. Logo coas dúas campás a vez danse 1 badalada en cada unha.🔔 Chavella: o mesmo pero ao final con 2 badaladas en cada unha.🔔 A Riña: o mesmo pero ao final con 3 badaladas en cada unha.🔔 Toque de "Anxiño": nen@s ata 5 anos. Repenícase as dúas campás a vez, non hai alternancia de grande e pequena. Remátase coas badaladas específicas para avisar de que barrio é. <p>Os toques das campás de defunto danse ás 8 da mañá, ás 12 mediodía e ás 4 da tarde.</p> <p>½ hora antes da misa do defunto tócase "A Oración", logo tócase "A Defunto" 20 minutos e despois chámase a misa.</p> <p>Cando sae o defunto da igrexa tócase a defunto – din que "ás campas choran a defunto" -, e remátase indicando de onde é o defunto.</p> <p>Antes tamén se tocaba na véspera, agora non se fai.</p>

Cabo de ano	Grande e pequena	abaixo	½ hora antes da misa do defunto tócase “A Oración”, logo tócase “A defunto” 20 minutos e despois chámase a misa.
Néboa	Grande	Abaixo	Os días de néboa, bátense na campá grande varias badaladas espazadas, para avisar aos barcos da proximidade da costa.
Lume	Grande	Abaixo	Cando hai lume tócase seguido a campá grande.
O día de Fieis Defuntos	Grande e pequena	Abaixo	Igual que “A defunto” pero sen diferenciar os barrios.
Toque de gloria	Grande e pequena	Abaixo	Tocábase cando resucitaba Xesús Cristo “O noso Señor” repenicando coas dúas campás.